

## Jaureguizar: 'Eu vou de xogador'

Jaureguizar, galego de Bilbo, recolle o Premio Xerais cunha camiseta de South Park. Non é un chaval novo, pero quere facer xeración e dá pistas. Mirádeas, canonizadores. Santiago Jaureguizar traballa no Progreso de Lugo, e ten tempo para sacar dous ou tres libros ao ano. A finais deste 2003 publicará "Planeta Skylab" crónica humorística e policial de Negueira de Rodríguez, obra coa que gañou o XX Premio Xerais de Novela.

- 08:17 17/06/2003

**Vieiros: Manuel Bragado, o director de Xerais, dixo no seu discurso que hai crise na edición, que cada vez se editan menos libros en galego. Sen embargo, Jaureguizar vai camiño de ser o novelista máis prolífico, con dous libros por ano. Despois de Riveiro Loureiro, claro.**

**Santiago Jaureguizar:** Unha cousa non ten que ver coa outra. Eu escribo moitos libros, pero outra cousa é que se vendan. A min non me vai mal, pero parece que as cifras xerais non son boas. Vanse perdendo rapaces no ensino, e iso indica que tamén hai menos lectores rapaces, claro, pero tamén penso que cada vez a xente le máis no seu idioma.

**Quería que te centrases máis no teu papel aí...**

¿Queres que insulte a Bragado?

**Non. Só Que me digas cómo te sentes publicando dous libros por ano en plena crise da edición.**

Creo que se escribe tanto ou máis ca antes, pero si que se edita menos. Eu estou sacando máis dun libro ao ano porque teño a sorte de que alguén mos publica, fundamentalmente Xerais, pero tamén amigos que teño noutras editoriais. Por exemplo, acabo de presentar unha obra de teatro que apareceu na editorial duns amigos en Lugo.

**Se ademais te estreas co teatro, parece que vas case de inaugurador, tocando todos os xéneros: a novela negra, o xénero surfeiro...**

Vou de xogador. Eu o que quero é xogar e pasalo ben. Hai cousas que me apetecía facer, como as novelas negras, pero dándolles unha volta como fixen con esta, e fixenas. A versión do 'Moby Dick' que hai en 'Balea morta...' é un xogo, e xa fixera antes outra versión da 'Illa do Tesouro'. Teño moita sorte porque fago o que me peta e aínda mo van publicando. E se se vende ben... Vamos, razonablemente ben para o que pode venderse neste país, claro.

**Dende os 'Espaguetis' non escribiras obras tan longas, creo...**

Si, si que escribín. 'As horas sucias' é tamén unha novela longa, o que pasa é que quedou un pouco perdida, escurecida, porque coincidiu coa 'Breve crónica...', que, ao recibir un premio, pois claro, rodouse máis... As tres forman parte da mesma triloxía, que comezaba con 'Comendo espaguetis...', seguía coas 'Horas' e que

pecha con con este 'Planeta Skylab'.

### **Toda novela ten pretensión, e toda triloxía o seu nexo...**

Si, esta triloxía ten un nexo, ben, ten dous nexos. Un é que as tres obras son revisións da novela negra clásica, pois a investigación non ten ningún interese. O outro nexo é o do policía que investiga os crimes. Iso na teoría porque logo non investiga nada porque non ten lle apetece investigar, así que inventa as súas teses e así cubre o seu traballo. E eses son os nexos, un nexo un pouco de ton, dunha mirada algo distinta sobre a novela negra... Voume poñer un pouco pedante, pero é esa mirada distinta que está facendo [Robbe-Grillet](#), por exemplo. Estaba a novela case feita cando descubrín "As gomas" un libro del, e aí está ben presente esa visión un pouco distinta da novela negra.

### **Tivemos nos últimos nove meses unha inflación de palabras no país: discursos, declaracións, notas de prensa, campañas. De feito aumentou como nunca a venda de xornais e publícase un libro sobre o Prestige cada quince días. Jaureguizar ataca entón cunha novela de 300 páxinas.**

Non ten tantas!! Terá unhas 150...

### **Os teus editores dixeron que sobre trescentas...**

Non, non...

### **Xa se verá. Pero, vaia, ¿cres que a nosa literatura lle faltan ou lle sobran palabras?**

Vou dicir algo que non debería dicir, pero si que hai moita xente que non se dedica a isto, nin se vai dedicar, pero que lle gusta, como a todos nos gusta, publicar libros. E estase creando unha inflación da oferta.

Habería que racionalizar un pouco o mercado. porque hai moitas obras que só venden 100 ou 200 exemplares, e erosionan un pouco as vendas da xente que realmente se está dedicando a isto.

### **Na descrición que o xurado fixo do premio citaron a Cunqueiro e sinalaron que ao mesmo tempo foi unha aposta pola contemporaneidade...**

A min gústame moito Cunqueiro, é un escritor que admiro moito, pero aquí cada vez que se fala de elementos fantásticos ou surreais nun texto realista menciónase a Cunqueiro. Esta novela ten bastante máis que ver con [Lobo Antunes](#), máis ca ver co alemán [Sebald](#), e ten bastante máis que ver con [Peter Handke](#) e con [Thomas Bernhard](#). Ten máis ca ver coa literatura centroeuropea, polo menos iso foi o intento que fixen eu. Home, Cunqueiro é un autor que sempre estará presente na miña obra, porque o lin moito, porque o seguí moito, pero non son consciente de que nesta novela se reflicta preferentemente. Están máis presentes outros, coma Robbe-Grillet, polas estruturas circulares que emprega, por exemplo. A min os autores que me interesan agora son eses centroeuropeos actuais. De todos os xeitos si penso que hai xente en Galicia como [Camilo Franco](#), como Xavier López López, como Cid Cabido (que por certo hai tempo que non se sabe nada da súa escrita), dos que me sinto preto literariamente, polo menos literariamente.